

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para o recoñecemento da correspondencia entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional inicial e materias de estudos universitarios

Santiago de Compostela, dezasete de marzo de dous mil dezasete

REUNIDOS

Dunha parte, don -----, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 146/2016, do 13 de novembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Doutra, don -----, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), segundo o nomeamento efectuado polo Decreto 62/2014, do 28 de maio, e actuando en virtude das facultades que lle confire o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 87 do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da USC.

Don -----, reitor magnífico da Universidade da Coruña (UDC), segundo o nomeamento efectuado polo Decreto 1/2016, do 8 de xaneiro, e actuando en virtude das facultades que lle confire o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 36.1.f) do Decreto 101/2004, do 13 de maio, polo que se aproban os Estatutos da UDC, modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro.

E don -----, reitor magnífico da Universidade de Vigo, segundo o nomeamento efectuado polo Decreto 47/2014, do 24 de abril, e actuando en virtude das

facultades que lle confire o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 59 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo .

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas, e,

EXPOÑEN

1. Que a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modifica a redacción do apartado 2 do artigo 44 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e determina no seu punto 38 que os alumnos e alumnas que superen os ciclos formativos de grao superior da formación profesional obterán o título de Técnico Superior. O título de Técnico Superior permitirá o acceso, previa superación dun procedemento de admisión, aos estudos universitarios de grao.

2. Que a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, no seu artigo 2º reconece a autonomía universitaria e no punto 2 apartado f) do mesmo artigo establece que dita autonomía comprende entre outros extremos, a verificación dos coñecementos dos estudantes e no apartado d) atribúe ás universidades a competencia para a elaboración e aprobación dos seus plans de estudos.

3. Que o Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro, sobre o recoñecemento de estudos no ámbito da educación superior establece o réxime de recoñecemento de estudos entre as diferentes ensinanzas que constitúen a educación superior.

4. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e as tres universidades galegas no ámbito das súas respectivas competencias educativas, teñen a vontade de promover a continuación de estudos universitarios aos/ás titulados/as técnicos superiores da formación profesional inicial e recoñecerlles a formación adquirida no ciclo formativo superior que teñan cursado, conforme ao real decreto citado no punto anterior.

5. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a quen lle corresponde a planificación, ordenación, dirección e execución das competencias atribuídas á Comunidade Autónoma en materia de universidades, e de acordo coas anteriores manifestacións, ten a vontade de abrir esta experiencia, iniciada no curso escolar 2004-2005, a novas titulacións universitarias de grao, que serán obxecto de recoñecemento de créditos e materias para o curso académico 2016-2017.

Por todo o anteriormente exposto e co fin de regular esta experiencia, as partes formalizan o presente convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. O obxecto deste convenio é continuar co recoñecemento da correspondencia entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional inicial e materias de estudos universitarios que se imparten na USC, na UDC e na Universidade de Vigo.

Segunda. Os estudos implicados nesta experiencia de recoñecemento de correspondencias serán os indicados no anexo.

Terceira. A experiencia será de aplicación aos/ás titulados/as técnicos superiores dos ciclos formativos, procedentes de calquera centro de ensinanza de Galicia ou de outra Comunidade Autónoma sempre que o currículo sexa coincidente, que accedan ou estean cursando os estudos universitarios, aos que se fai referencia na cláusula anterior, nos centros docentes da USC, nos da UDC e nos da Universidade de Vigo. Todo isto respectando o proceso xeral de preinscripción universitaria e unha vez que acadaran o acceso á universidade.

Cuarta. As tres universidades galegas recoñecerán créditos dos estudos universitarios, en virtude do currículo de cada ciclo formativo, aos/ás titulados/as nos ciclos formativos de grao superior que se correspondan, segundo o establecido no anexo.

Quinta. Na aplicación deste recoñecemento haberá que ter en conta que:

- a) O alumnado devengará as taxas correspondentes como materias validadas.
- b) A cualificación das materias obxecto de recoñecemento será a nota media obtida polo/a alumno/a no ciclo formativo, agás as de libre configuración nas que a cualificación será a de apto.

Sexta. Coa finalidade de afondar nos mecanismos de cooperación que reforcen esta experiencia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas establecerán liñas de actuación que faciliten o intercambio de recursos formativos e metodolóxicos e o acceso aos fondos bibliográficos e de información técnica.

Sétima. As partes comprométense a difundir esta experiencia, de recoñecemento das correspondencias entre ciclos formativos de grao superior e materias dos estudos universitarios, tanto a nivel institucional como nos centros educativos, informando aos estudantes que posúan os requisitos para acceder a estes itinerarios formativos.

Oitava. Os recoñecementos de créditos e materias aos que se refire o presente convenio implementaranse no curso académico 2016-2017. O seu contido tamén se aplicará aos/ás estudantes que iniciaran os seus estudos en cursos anteriores e que estean matriculados nas materias correspondentes neste curso, sempre con posterioridade á solicitude do recoñecemento por parte do/a estudante.

Novena. Crearase unha comisión mixta, formada por dous representantes por cada unha das partes, que velará polo correcto desenvolvemento do presente convenio, e informará periodicamente ás partes do desenvolvemento e da evolución desta experiencia. Os/as membros desta comisión mixta serán nomeados, respectivamente, polas partes asinantes deste convenio.

Décima. As partes comprométense a avanzar na análise e na aplicación do recoñecemento de correspondencias entre outros ciclos formativos de grao superior de formación profesional inicial e outros estudos universitarios de grao que se impartan nas tres

universidades galegas.

Para a modificación dos recoñecementos establecidos no anexo, esixírase informe da comisión con competencias en validacións do centro correspondente.

Décimo primeira. Este convenio entrará en vigor no momento da súa firma e estará vixente durante catro cursos académicos, podendo prorrogarse por acordo expreso das partes mediante a addenda correspondente. O convenio poderá ser denunciado por calquera das partes por incumprimento das obrigas previstas no mesmo. A denuncia esixirá escrito motivado dirixido á comisión de seguimento, cunha antelación de tres meses respecto á data prevista de finalización do convenio.

Décimo segunda. De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei orgánica, a consellería e as universidades que por razón do desenvolvemento do convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á prevista no mesmo.

Décimo terceira. A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta. O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.



**XUNTA
DE GALICIA**

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, as partes firman o presente convenio por cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O reitor da Universidade de Santiago de
Compostela

O reitor da Universidade da Coruña

O reitor da Universidade de Vigo
